



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 9/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA OITO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a oito de xuño de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás oito horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, ORZAMENTO MUNICIPAL, EJERCICIO 2017.

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2.017 polo Sr. Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165, 166 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art 193.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Vistos o informe emitido pola Intervención en sentido favorable e o ditame desfavorable da Comisión Informativa Permanente de Contas e Facenda.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que s orzamentos municipais que se presentan para a súa consideración polo Pleno Corporativo para este exercicio 2017 preséntanse nivelados nos seus estados de ingresos e gastos, dando cumprimento así ao disposto no artigo 165 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, no senso de que deben aprobarse sen déficit inicial. En concreto ascenden á contía de 9.098.172,84 € tanto en ingresos como en gastos. Respecto aos orzamentos vixentes no pasado exercicio, prorrogados os do ano 2015, o incremento é dun 6,99% en ingresos e dun 26,54% en gastos. Esta diferenza é debida aos axustes que se tiveron que facer na prórroga orzamentaria por servizos ou programas que debían concluír no exercicio anterior ou que estivesen financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados. Para a súa elaboración tomáronse en consideración, en primeiro lugar, os ingresos que se agardan recoñecer no exercicio, estimándose estes de xeito prudente en función das previsións agardadas e da experiencia derivada das liquidacións de exercicios anteriores. Na medida do posible estimáronse segundo o criterio de caixa, isto é, do que realmente se estima que vai a recadarse, co fin de que os cálculos efectuados sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria fosen o máis estritos posibles. No informe técnico económico que acompaña ao expediente explícase dun xeito claro de donde procede cada unha das estimacións. No apartado de ingreso cómpre sinalar: No caso dos ingresos correntes, unha maior expectativa dos impostos directos e sobre todo do comportamento das taxas e prezos públicos, que máis que compensan a baixada do ICIO e dos ingresos patrimoniais. Unha estimación prudente da Participación nos Tributos do Estado, toda vez que a Lei de orzamentos xerais do Estado para este exercicio aínda está en fase de aprobación. No caso dos ingresos de capital polo coñecemento xa dos POS + 2017, así como polos convenios que se agardan asinar coa Comunidade Autónoma e a Deputación. Neste exercicio concertarase un préstamo pola parte do POS + 2017 financiada con préstamo provincial, por importe de 356.985,95 €, o cal dedicarase por unha parte a amortización de débeda, 199.999,99 €, e o resto a investimentos financeiramente sostibles, en concreto ao proxecto: Bombeo de saneamento na Maquía e outros, tal e como foi aprobado polo Pleno Corporativo. Unha vez coñecidos os ingresos procedeuse a levar a cabo o cálculo dos créditos dispoñibles, debendo sinalarse que toda vez que o límite de gasto ven determinado non só polos ingresos senón, a maiores, polo cumprimento da regra de gasto, estes avaliáronse en función do cumprimento de ámbolos dous límites, límite de ingresos previsto e límite imposto pola regra de gasto. Respecto aos gastos procedeuse a estimar os gastos de persoal en función dunha previsión de incremento do 1% nestes, tal e como se prevé no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017, calculándose, así mesmo, as antigüidades do persoal neste exercicio. A maiores dotouse orzamentariamente unha praza de policía local xa existente na RPT. O cálculo polo miúdo recóllese no anexo de persoal correspondente. Respecto aos gastos correntes en bens e servizos recóllense os créditos necesarios para os contratos que ten vixentes o Concello, así como os previstos no exercicio, no que tentarase poñer fin á situación de prórroga tácita dos contratos xa vencidos. Respecto as achegas por transferencias destacan as correspondentes á xestión da escola infantil, segundo contrato asinado no seu momento, e á Mancomunidade, a cal increméntase considerablemente polo incremento nas horas do servizo de axuda no fogar, basicamente. Así mesmo recóllense as subvencións nominativas que figuran nas bases de execución, as becas para material escolar e dótase unha aplicación para poder subvencionar a deportistas destacados do Concello. Por suposto, e como non pode ser doutro xeito debido á imposición do artigo 135 da Constitución, dotáronse os créditos necesarios para atender as obrigas de natureza financeira. A maiores neste



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

apartado dotouse crédito para poder levar a cabo, en función das necesidades de tesourería, amortización anticipadas de débeda por un importe de até 219.413,18 €. O Concello achega un total de case que 513.000,00 € de fondos propios para o financiamento de investimentos, os cales detállanse no anexo correspondente. Entre as actuacións previstas, as máis destacables son: O centro sociocomunitario na rúa Campomaioir, cunha anualidade prevista no exercicio de 298.047,38 €, dos cales corresponden a financiamento municipal 148.047,38 €. Cuxo convenio esta pendente de sinatura a que se faga a consignación orzamentaria correspondente. Mellora nas instalacións deportivas municipais, cun investimento municipal de 126.776,03 €. Investimentos en vías públicas, a maiores das tarefas de mantemento e reparación que se recollen no capítulo 2. A renovación dos semáforos, que xa está executada a día de hoxe. A dotación orzamentaria para poder optar a subvencións que se consideran moi interesantes, como é a de parques empresariais. E, por suposto as financiadas co POS + 2017. En total os investimentos previstos ascenden á contía de 1.841.914,81 €, o que significa o 20,24% do total dos orzamentos. Os orzamentos caracterízanse polo mantemento dos servizos esenciais, con especial dedicación aos colectivos máis desfavorecidos, sendo as liñas fundamentais dos mesmos o saneamento das contas municipais, mediante a contención do gasto público, a eficiencia na asignación dos recursos municipais, a sustentabilidade dos servizos municipais fundamentais, o mantemento dos créditos ás políticas sociais, de emprego e fomento económico, así como aos investimentos produtivos. Incrementáanse as partidas destinadas a políticas sociais, entendendo estas como a suma das dedicadas a gastos sociais, educativos, culturais e deportivos. As actuacións de protección e promoción social: servizos sociais, incluíndo a achega á mancomunidade, e fomento do emprego, basicamente, incrementáanse nun 13,37%. A produción de bens públicos de carácter preferente: educación, cultura e deporte, incrementan os seus créditos nun 15,81%. Incrementáanse, así mesmo, nun 9,13% as actuacións de carácter económico. Contense o gasto nas actuacións de carácter xeral, de xeito que sen ter en conta a transferencia á Mancomunidade, que son servizos sociais, nin o investimento no centro sociocomunitario, estes diminúen nun 2,40%. Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación inicial cumpren co disposto na Lei orgánica de estabilidade financeira, é dicir: Presentan capacidade de financiamento, estimada en 1.175.280,39 €, cumprirían coa regra de gasto, se ben non é necesario analizar este extremo na aprobación dos orzamentos e cumpren co límite de débeda.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que formula unha cuestión de orde, pregunta se as emendas presentadas en tempo en forma por UxO van a ser debatidas antes, despois.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as presenten na súa primeira quenda de intervencións e debátense.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que os veciños deben entender que o orzamento é a parte substancial do que logo se vai a facer o resto do ano, é dicir o que poñamos nun papel no orzamento vai a vincular as posibilidades que teñan os colectivos sociais e cidadáns de poder pedir algunhas actuacións nas súas aldeas, na súa rúa ou na súa actividade social, polo tanto teño que preguntarlle ao Sr. Alcalde en que parte entra esa parte que dicía o Código de Bo Goberno da Femp: Implementaranse os orzamentos participativos como mellora do instrumento de participación da cidadanía na asignación dos recursos públicos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

e na definición dos obxectivos prioritarios da xestión. Isto comprende que uns orzamentos teñen que ser sacados á rúa e que todos os colectivos sociais os coñezan. Se estes orzamentos se tivesen consultado coa cidadanía, como ben recomenda a Femp, todos coñecerían os capítulos principais do orzamento e ese proceso previo si que nos garantiría que presentar este orzamento si que tería sentido político, por que a participación cidadá significa riqueza democrática. Di vostede na memoria explicativa que se trata duns orzamentos moi ambiciosos na procura de acadar o maior grado de servizos aos cidadáns, se ben tratando de conter ao máximo o gasto en programas que non sexan esenciais. Pois ben, no punto 94 da súa política de gasto ven de incrementar con respecto ao 2016 as transferencias á Mancomunidade de 85.000 a 122.000 euros. Un incremento de 37.000 euros. Un 42 % de incremento que define como gasto social, cando non todo o transferido á Mancomunidade vai adicado a servizos sociais. Habería que estudar a posibilidade de mancomunar máis servizos como o voluntariado, protección civil ou a canceira. Vostede prefire camuflar todo como gasto social, cando a normalizadora lingüística ten un custe e nin sequera se respecta algunhas das peticións do BNG, cando pediu na comisión pertinente que o acordo de Hermanamento con Veracruz se redactase en galego. Co que ven entendendo que usa maquillaxe política alardeando de incrementar o gasto social cando se están a pagar actividades que considera superfluas e non un servizo social, como pode ser a normalizadora lingüística. Debe preguntarlle en que parte dos investimentos esta prevista unha partida destinada á compra do campo de fútbol de Mesón do Vento. Tamén debe preguntarlle en que parte dos investimentos está prevista a inversión que se supón ía a sacar a Concelleira do Medio Rural do Plan Marco que se supón que como ela anunciou nunha reunión se trataba de un plan bianual, e que este ano no pleno de febreiro ela propuxo mediante moción que se destinase integramente á parroquia de Lesta. Pretende que se lle dea o apoio a uns orzamentos que non se sentou a negociar con ninguén. Pode entender que a ela lle garde rancor, pero aquí hai máis compañeiros da oposición cos que podería ter negociado e chegado a un acordo. é certo que veñen tarde estes orzamentos pero aínda así podería ter intentado chegar a un acordo coa oposición, cousa que declina xa antes de intentalo. Aмосa unha nula capacidade negociadora. Convocounos a unha comisión o pasado día dous de maio cun ditame desfavorable, xa sei que o ditame ten carácter preceptivo pero non vinculante, empéñase vostede en traer ao pleno unha iniciativa de orzamentos. A súa estratexia á desesperada é vincular os orzamentos a unha cuestión de confianza, que opina non trae ningún beneficio aos ordenses, senón desgaste, perda de tempo e inseguridade á veciñanza. Non intentou sequera chegar a un acordo tendo a abstención de non adscritos, do BNG e ausencia do compañeiro do PSOE en dita comisión. Agora non veña aquí a criticar á oposición por que os demais non lle temos a culpa da súa nula capacidade negociadora.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que lle pregunta ao Sr. Interventor que grado de execución van a ter estes orzamentos, por que a altura de ano en que estamos, xullo, agosto é un mes inhábil, no suposto de que fosen aprobados empezarían a executarse en setembro e a finais de ano habería que empezar a preparar os orzamentos de 2018. En segundo lugar, preguntalle ao Sr. Alcalde por que cando tivo máis concelleiros non trouxo os orzamentos ao pleno e agora os trae en minoría para intentar aprobalos.

Intervén o Sr. Interventor, que sinala que os orzamentos municipais de 2017 están prorrogados, están a executarse dende o un de xaneiro. A execución dos investimentos depende da aprobación dos orzamentos, o que está prorrogado pode ser ata o cen por cen, normalmente non vai a ser. As obras do POS + para as que se fixo a xeración de créditos a súa execución vai a ser do cen por cen. O resto depende de se se conceden subvencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o ano pasado trouxeron os orzamentos nunha ata similar. Os orzamentos estaban preparados dende o mes de marzo, decidíronse adiar un pouco pola situación de cese da concelleira do PSOE, esperar a que vostede tomase posesión e que tivese tempo suficiente para estudar os orzamentos. Retrasouse un mes a data prevista no mes de abril ao mes de maio e despois tamén pola conversa que se tivo na comisión informativa de 2 de maio. Os orzamentos estaban elaborados e remitidos aos grupos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que pouco a pouco estamos a ver que Ordes non cambiou coa chegada do PP ao poder. Volvemos a ter un pleno tan importante como son orzamentos municipais un día laboral ás 8:30 da maná. Recuperamos antigas prácticas da anterior lexislatura para evitar que a xente non acuda ou non se entere. Os orzamentos chegan tarde como apunta o interventor no seu informe, tiñan que ser sometidos a este plenario antes do 15 de outubro de 2016, tráense o 8 de xuño de 2017, ás 8:30. Veñen á presa é de golpe podendo agardarse a un pleno ordinario e a unha hora á que puidese asistir a veciñanza. Hoxe deberíamos estar a debater o orzamento de 2018. Cando vai medio ano o que analizamos hoxe deixa de ser un orzamento e se transforma nunha valoración deste ano. O orzamento é antes de que transcorra o exercicio, agora non se pode dicir que se preven unha serie de gastos ou ingresos. Ollando a memoria da Alcaldía, o saneamento das contas municipais e a elevada débeda levado a cabo nos últimos exercicios como se observa. Estamos seguros que sairá na prensa vendendo que destinan 900.000 euros amortización de débeda. Non hai peor mentira que as medias verdades. Gran parte desta cantidade é froito de contraer coa Deputación unha débeda, que non deixa de ser beneficiosa por que é a interese cero. A realidade é que a redución é tan so de 300.000 euros. Comezamos o exercicio 2017 con 4.124.000 euros e imos rematar 2017 con 3.800.000 euros de débeda. Estes 925.000 euros equivalen a medio centro sociocomunitario, esta é outra mostra de que a forma de gobernar non mudou tanto con respecto ao goberno anterior. Están chegando as eleccións municipais e nese afán de que se vexa que fixeron algo caen no erro de levar a cabo as súas obras faraónicas facendo un novo edificio e tirando 600.000 euros de fondos públicos, mentres que segue o centro comarcal morto de risa despois de tres anos que se formalizou a súa reversión ao concello. Non saben aproveitar os espazos e os recursos de que dispoñen. Non é necesario enterrar 600.000 euros nun novo edificio que cada ano hai que manter, limpar, ...etc. O que terían que facer é destinar eses recursos a rematar dunha vez o concello vello, hai que acabalo, é unha vergoña que este así. Unha vez rematado baleirar o mamotreto de arrimo que se fixo, volvendo a casa do concello ao seu sitio e liberando ese edificio para facer alí o centro sociocomunitario, isto sería saber xestionar e reorganizar os recursos cos que se conta. O que queren facer é novamente despilfarrar e caer nos erros do pasado. Outro dato curioso dos orzamentos é a redución que se experimenta no IAE, a previsión no 2015 era 171.000 euros, no ano 2016 147.000 euros, a previsión nestes orzamentos é de 134.000 euros. Isto é un claro síntoma do retroceso que experimenta Ordes dende que vostedes chegaron á Alcaldía no ano 2015.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que van a presentar unhas emendas aos orzamentos que foron presentadas en tempo e forma. Pretenden loitar contra a desigualdade, o desemprego, que deben de estar por enriba de moitos gastos que está a ver nos orzamentos. Ao mesmo tempo defenden os servizos públicos. Na súa época municipalizaron a piscina climatizada e o cemiterio. O concurso que se está facendo agora de limpeza e conserxería debería mirarse e intentar que estes servizos pasasen a mans do concello. Apostan por un desenvolvemento equilibrado dende o punto de vista económico, ecolóxico e social. Apostan por un emprego de calidade e por políticas de emprego para a integración social. Apostan por aprobar unha ordenanza xeral de subvencións, onde todo o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

mundo teña dereito a participar e poder levar algo, sexa a actividade que sexa. Apostan por a baixada de impostos, así se plasmou neste pleno. Apostan por axudar ás Pemes e autónomos que o están a pasar tan mal nestes momentos. Presentan tres emendas unha ás bases de execución, outra aos gastos e outra ao anexo de persoal. Nas bases de execución, emenda nº 1 á base 14, supresión do apartado 5º. Emenda nº 2, supresión do apartado 2º. En todas estas bases estase a darlle maiores competencias, vista a situación da composición do pleno, cinco concelleiros do goberno e doce da oposición. Ten que ser todo debatido no pleno que é soberano para os temas importantes para o noso concello. Emenda nº 3 á base 17, ampliación de créditos. Emenda nº 4 transferencias de crédito. Emenda nº 5, que xa se aprobou aquí no pleno que é a dos contratos menores de obras e servizos. Despois temos unha segunda emenda aos gastos. Pretenden rebaixar uns gastos que non saben, para destinar un diñeiro a rebaixar á débeda. Emenda nº 1, programa 133, redución de 30.000 euros. Emenda nº 2, programa 151, redución 100.000. Emenda nº 3, programa 163, redución 250.000 euros. Emenda nº 4, programa 165, redución 50.000. Emenda nº 5, programa 171, redución 10.000. Emenda nº 6, programa 326, redución 60.000. Emenda nº 7, programa 334, redución 40.000. Emenda nº 8, programa 920, redución 12.000. Emenda nº 9, programa 920, redución de 24.000. Emenda nº 10, programa 920, redución 18.000. Emenda nº 11, contemplar nos orzamentos 594.000 euros a amortizar débeda. Que tanto predicou o alcalde que o ía facer, como non o fai el vamos a intentar facelo os da oposición. Despois a última emenda é ao anexo de persoal. Intentamos que os laborais fixos, non puxemos cantidade por que non a sabemos, cobren a antigüidade e os trienios como así lles corresponde, e están saíndo sentenzas de moitos concellos. Supresión de dúas prazas de policía local e unha de monitor deportivo. Hai outras necesidades no concello, que se debata a súa necesidade na comisión pertinente para modificar a RPT se é necesario e ao mesmo tempo convocar as prazas que sexan necesarias para o noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a comezar pola parte das emendas e coa intervención do Sr. Regos Boquete que actúa hoxe como voceiro de UxO, despois tratará de contestar ás primeiras intervencións. As emendas que presentan aos orzamentos do exercicio 2017 non son serias, nin pola forma, nin polo fondo. Pola forma: por que o orzamento foilles entregado a todos os grupos políticos e concelleiros non adscritos con suficiente antelación á data de celebración da comisión informativa de contas e facenda para que tivesen tempo para estudialo e poder plantexar nesta comisión ou con anterioridade as dúbidas, cuestións ou presentar as emendas oportunas. Na comisión informativa que tivo lugar o día 2 de maio de 2017 o concelleiro de Uxo o Sr. González Santos unicamente manifestou a razón pola que ía a votar en contra do orzamento, sen presentar emenda algunha. era con anterioridade á data de celebración da comisión informativa cando se tiñan que ter presentado estas para o seu estudo, debate e toma en consideración de ser posible, previos os informes oportunos. recórdolles que no orzamento ten que haber un informe económico-financeiro e un informe do interventor municipal que é preceptivo. pretenden adoptar que se acepten hoxe aquí unhas emendas sen ter estes informes ou sendo estes desfavorables. No pleno extraordinario que vostedes pediron, para xustificar a modificación e aumento das comisións informativas permanentes un dos argumentos que esgrimiron foi que as comisións informativas non estaban a funcionar, a cumprir o seu papel, que nelas era o lugar onde se tiñan que estudar os asuntos, que agora vostedes ían a facer o traballo do goberno. Como se ve as comisións seguen a ter a mesma dinámica que antes e o que se demostra, o tempo acaba pondo a cada un no seu sitio e dando a razón a quen a tiña dende o principio, e que as palabras, o seu valor e significado so vale para o momento no que se dín como argumento para defender unha determinada postura política. Despois coherencia de actuación segundo o que se dixo ningunha. repito o que estas emendas demostran é que o que se pretendía co aumento do numero de comisións era cobrar mais e



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

compensar economicamente a aqueles concelleiros que perdían cartos como consecuencia dos seus cambios de bancada política. No pleno ordinario do mes de abril celebrado o día 5 de maio de 2017 en relación coa moción presentada pola Sra. Martínez Candal recordoulles a todos que as mocións que tivesen un contido xurídico ou económico se presentasen coa antelación suficiente para que tanto o secretario como o interventor as poidesen estudar e facer os informes oportunos. iso tamén vale para estas emendas, vostedes pensan que os técnicos poden facer un informe en relación cunhas emendas a un documento tan fundamental como é o orzamento municipal nunha maña. Xa lles había advertido que os técnicos manifestaron que non ían a responsabilizarse dos acordos que se adoptasen en relación con estas mocións, o mesmo poderíamos plantexar hoxe con estas emendas. Na xunta de voceiros do día 23 de maio de 2017 informóuselles de que se ía a incluír na orde do día do pleno ordinario do mes de maio a aprobación dos orzamentos, desa maneira houberan estado nun pleno ordinario ás 8:30 horas. Vostede Sra. Marín dixo que ese mesmo día se ía reunir co Sr. González Santos por que este quería presentar unhas emendas ao orzamento, acordándose pospor a data de aprobación a un pleno extraordinario. vese que dende ese día, e dende o día que se lles entregaron os orzamentos ata onte non tiveron tempo de preparalas e presentalas.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que ese día se lle deu dúas semanas para presentalas, que aínda se cumpren mañán día nove, que foi no que quedaron.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que iso non é así. Este xa é un motivo suficiente para que estas emendas non sexan atendidas. En canto ao fondo: estas emendas carecen igualmente de seriedade algunha. O primeiro que lles pregunto é se faláron vostedes co interventor municipal para saber se ía informar favorablemente estas emendas desde o punto de vista da legalidade orzamentaria. Xa non lle pide ningunha outra cuestión. pretenden aprobar unhas emendas sen contar con ese informe. Emenda en materia de persoal: consignación orzamentaria suficiente para o pago de trienios do persoal laboral fixo. Isto non é mais que un brindis ao sol, porque cando vostedes estiveron no goberno, oito anos, tiveron tempo suficiente, non aprobaron este recoñecemento de trienios. Por que agora que están na oposición. Volvemos sempre ao mesmo incoherencia na actuación política, actuacións por impulso, fuxida hacia adiante. Pode dicirme cal é ese importe, xa lle acaba de recoñecer fai un momento que non o sabe, o calculou. Pode dicirme con que ingresos pretende pagalos, que gastos pretende recortar, recórdolle que os orzamentos teñen que estar nivelados. Sabe o que iso significa, o sabe algún de vostedes. Pode dicirme dende que data se pagarían eses trienios, dende o un de xaneiro de 2017, dende que se aproben os orzamentos, afectaría tamén a anos anteriores. Sabe vostede que se se recoñecen os trienios estes non so habería que pagarlos ao persoal laboral fixo, senón tamén aos indefinidos por que senón estaríamos ante unha discriminación e poderíamos ser denunciados. Sabe vostede a cantos traballadores afectaría. a maiores, é certo que esta é unha vella reivindicación do persoal, que estes pretenden equipararse aos funcionarios. un funcionario é unha persoa que aprobou unha oposición, o seu salario esta definido por lei, que di que teñen dereito a trienios. O persoal laboral do concello é maioritariamente indefinido. Sabe vostede que ese persoal se seleccionou maioritariamente a través dun concurso de méritos, un concurso de méritos cunha entrevista persoal, cunhas bases de selección dicíase claramente o que se ía cobrar. A lexislación laboral non recoñece o dereito a trienios salvo que se lle recoñeza expresamente ou a través dun convenio colectivo. Iso é o que vostede acaba de facer referencia que está a suceder noutros concellos. Ordes a día de hoxe carece dese convenio colectivo, si lle di e pode falar cos representantes dos traballadores que xa se mantiveron reunión e é posible que algún día se chegue a bo porto con esta situación. O que lles pide a todos os grupos aquí representados e que fagan o mesmo que eles lle pediron a el, e infórmense ao respecto. A segunda e a terceira



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

emenda non teñen nada que ver cos orzamentos. non se xustifica por que habería que suspender esa convocatoria pública de prazas. Supoño que se referirá a que non se aprobe a oferta de emprego público no caso de que se aprobasen os orzamentos. Sabe vostede se as prazas que se ofertarían son realmente necesarias. Son vostedes conscientes de que a plantilla de persoal da policía local diminuíu en dúas prazas. Pretenden pedirlle á policía local unha calidade na prestación dos seus servizos sendo menor o número de efectivos. Pretenden que pagueemos produtividades, gratificacións por servizos extraordinarios. Por que os servizos son necesarios e hai que prestalos. E despois paréceme preocupante e alarmante que diga que non é necesario un técnico deportivo en Ordes, cando a totalidade dos concellos de Galicia conta cun técnico deportivo, gracias a súa función pódense desenvolver moitas actividades. É de agradecer que a Deputación financie a práctica totalidade dese técnico deportivo. A aprobación da oferta de emprego público é unha competencia do alcalde de acordo co orzamento e plantilla aprobados polo pleno. non corresponde a ningunha comisión ese estudo de convocatoria de novas prazas. Tamén me queren quitar esa competencia. A RPT foi aprobada no ano 2010, someteuse a un trámite de información pública, non se fixeron alegacións. Que se pretende agora con eses cambios na RPT, subirlle o soldo a traballadores que consideran que cobran pouco. Aprobárona vostedes. Se esta mal foron vostedes os que a tramitaron. dende a data de aprobación non cambiaron as condicións de traballo do persoal, son os mesmos, bueno, menos, hai tres funcionarios menos, e o concello, o que hai que agradecer, segue a funcionar e sendo eficiente para os veciños a día de hoxe. O concello de Ordes é un dos concellos que ten un ratio de gastos de persoal mías baixo. é certo que o persoal é xusto. A lei non permite a convocatoria de novas prazas, unicamente a reposición de efectivos que é do que estamos a falara aquí ou xustificacións de excepcionalidade. Coas emendas en materia de trienios e modificación da RPT que pretenden, aumentar eses gastos. Polo sinalado non se pode aceptar esta emenda. As emendas das bases de execución nalgúns casos non son máis que adaptacións á normativa da lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, noutros non estar a ter en conta a atribución de competencias que a lexislación de réxime local lle atribúe ao alcalde, polo que estas son nulas de pleno dereito. explicarallo o interventor con respecto a emenda nº 1 á nº 4. Verbalmente e de modo conciso o Secretario vai a explicarlles por que non é posible aprobar a emenda nº 5. O Sr. Interventor explicará o resto. se se tivera presentado con tempo esta emenda terían feito un informe por escrito para o seu estudo e que puidese ser rebatido polos seus asesores. aínda que supoño que algo lles terá redactado para que poidan argumentar con certa solvencia.

Intervén o Sr. Interventor, que sinala que a emenda nº 1, que se refire á base 14, suprimir o apartado 5º. Isto pode suprimirse, pero con arranxo á lei de procedemento administrativo os actos administrativos son inmediatamente executivos salvo que estean suxeitos a publicación ou aprobación por un órgano superior. As restantes emendas pretenden atribuír a competencia de aprobación dos expedientes de modificación de créditos ao Pleno. A lei de bases de réxime local atribúe ao alcalde, como competencia residual, todas aquelas competencias que non estean reservadas ao pleno. En todas as bases de execución que consulten verán que estas competencias están reservadas ao alcalde. Tamén sería inoperativo que se lle reservasen ao pleno por ser bastante o tempo de tramitación.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que unha cousa é inoperativo e outra cousa é ilegal.

Intervén o Sr. Interventor, que de acordo coa lei de bases de réxime local entende que unha competencia do alcalde.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que a emenda de modificación da base de execución 36 que é para recoller ás normas de tramitación de expedientes de contratos menores e corraxir o que fixeron no pleno anterior. Fan unha copia da base de execución da Deputación Provincial. Partindo da base de que a competencia para a aprobación das bases de execución é do pleno. Non teñen en conta primeiro como tramitou esa base de execución a Deputación Provincial e segundo o contido material desta base de execución está afectando á competencia de outro órgano de goberno como é o Alcalde. Se preguntan na Deputación Provincial como se tramitou esta base de execución posiblemente lle dirán que foi o Presidente seguindo as indicacións da intervención o que propuxo a inclusión desta base de execución, que despois aprobou o pleno. O que non poden facer é que a oposición a través dunha emenda á unha base de execución do orzamento pretenda regular unha competencia do Alcalde. O que teñen que ter en conta que o que se pretende é regular, os expedientes de contratos menores, teñen que ter en conta quen é o órgano que vai a tramitar eses expedientes, que é o Alcalde, neste caso a Xunta de Goberno Local por delegación. O Alcalde non é un órgano xerarquicamente dependente do pleno, o pleno non lle pode dar instrucións ao Alcalde. Por iso non se pode aprobar. Se fose o Alcalde o que a través das bases de execución incluíse esta regulación, si que podería ser. Se o Alcalde non esta de acordo, non se lle pode impor ao alcalde esta regulación. Por que sería nulo de pleno dereito. Non se pode a través desta emenda regular a competencia de outro órgano. Si que podería ser se a Xunta de Goberno Local tramitase expedientes de contratación por delegación do pleno. A maiores se seguimos este criterio de regular a través das bases de execución a tramitación dos expedientes de contratos menores, se mantemos o criterio do BNG que non están de acordo co tramitación de expedientes de contratación por procedemento negociado, tamén se podería introducir vía bases de execución que todos os expedientes de contratación se tramitasen por procedemento aberto, nin sequera habería por que cingirse aos expedientes de contrato menor. Non pode ser. Teñen que diferenciar quen é o órgano competente para a tramitación dos expedientes de contrato menor e quen é o órgano competente para o resto dos contratos. A maiores teñen que ter en conta que a lexislación de contratos o que establece é que é o órgano de contratación o que aproba o expediente de contratación, e no expediente de contratación ten que quedar xustificada a elección do procedemento. Non pode ser que o órgano que non aproba o expediente de contratación, que o pleno lle diga a outro órgano que procedemento de contratación ten que utilizar. A maiores querería facerlle unha aclaración á Sra. Martínez Candal sobre a non inclusión no orzamento da partida para a execución das obras do plan de camiños. Non se inclúe por que se descoñece esa cantidade, non se vai a por unha cantidade ficticia por que se despois non coincide, se é por abaixo habería que facer unha modificación de créditos pola diferenza e se se pasa estaría a figurar máis crédito co que esa previsión de ingresos e gastos sería ficticia. O que se fai é esperar a que se convoque a subvención, se solicite e cando veña aprobada é cando se faría a xeración de créditos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que polo sinalado polos técnicos esta emenda tampouco pode ser aceptada. Emenda redución dos gastos. Esta emenda é un auténtico disparate, so a podo calificar así. Non se ofendan. Vou a explicar por que o digo. Cando vostedes gobernaron todo era gastar, gastar, aínda que fora sen criterio. Así chegamos a endebedar ao concello en mais e sete, oito, nove, dez millóns de euros, poñan a cantidade que queiran. Estaríamos na bancarrota se non fose por ese famoso plan de endebedamento e saneamento financeiro que o goberno central do pp lles permitiu aprobar. Ae queren, aínda que nos levaría bastante tempo, podemos coller o listado de todas e cada unha desas facturas que a Sra. Marín se atreveu a definir como grandes inversións e veremos como neses listado hai máis de cen provedores do noso concello que estaban sen cobrar en decembro de 2011. Facturas nalgún caso de máis de dous anos. Cando vostedes gobernaron subiron canto quixeron os impostos. un dez por cento cada ano o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

IBI dende o ano 2010 ao ano 2014. había que recadar para manter esa política endiablada de gasto sen control. Nin sequera nos momentos de crise mais forte 2007-2012, cando o desemprego estivo descontrolado. A evolución do desemprego 2007-2012 pasou do 12,50 % ao 21,79 %, e hoxe criticamos que estamos no 16 % da a situación que estamos a vivir que realmente nos ten que preocupar a todos. Nese momento si que pecharon empresas, si que votaron traballadores á rúa, lle deron un respiro aos veciños como nos pretenden agora vender coas mocións que presentan. Agora que non gobernan e do que se trata é de obstaculizar a labor de goberno, impedir por todos os medios posibles que se poidan facer cousas para os veciños. Recórdolles que esta en xogo hoxe a execución dun edificio de servizos sociais, xa sei que o bng non está de acordo con el, xa o dixeron entón, pero entendemos que é necesario, o persoal de servizos sociais necesita un lugar digno para traballar e os nosos maiores tamén necesitan saír do local no que están a día de hoxe. Temos unha financiación importante e no debemos renunciar a ela. Con esta proposta de rebaixada de gastos buscan impedir os servizos básicos. Agora propoñen baixadas de impostos, aínda que se lle baixen a grandes empresas ou multinacionais, quen paga os IBI-BICES, é curioso que isto é o que votaron no anterior pleno ordinario. Trienios para o persoal laboral fixo, os indefinidos irían tamén, e redución de partidas de gastos para redución do seu endebedamento, Srs. de UxO, o que vostedes provocaron coas súas políticas. saben canto pagamos so de xuros non período 2008-2016 inicio, 851.000 euros. Claro, seguro que esperan dentro de dous anos volver a gobernar cun concello saneado por un goberno do PP. Xa lle pagamos en 2016 o pufo de máis de dos douscentos mil euros que nos deixaron en so seis meses do ano 2015. Recórdalles que aínda están pendentes 72.000 euros da Casa Consistorial, 55.00 euros dun muro a carón do parque empresarial, 20.000 euros na ampliación da rúa do parque na primeira fase onde está a marquesiña dos taxis e 10.000 euros da reforma da pranta baixa da Casa Consistorial. 157.000 euros, ou os pagaron vostedes. Estas cantidades reclamáronse no seu día, non estaban xustificadas, devolvéronse e non volvemos a saber de ningunha destas peticións. é importante que nos digan se seguemos a deber estes 157.000 euros. Agora a súa proposta é reducir o endebedamento. E claro, se gobernan entónce novamente subida de impostos porque novamente hai que gastar, por que xa gobernan, e claro, xa non habería despidos, xa non hai que laiarse dos veciños por que xa teríamos saído da crise e estes xa poden pagar novamente. a cadratura do círculo. Isto é o que pretenden vostedes. Falando xa de forma pormenorizada das partidas que se pretenden diminuír. Estudaron os gastos que van imputados a esas partidas, considera que non. Saben explicarme todos e cada un dos gastos que se inclúen nesas partidas que tan alegremente reducen. Pode xustificarme por que se pode facer esa redución. Non me fale con carácter xenérico cando teña a súa intervención. Se propoñen esas baixadas será por que sabe explicarme en cada caso por que consideran que é posible. Pode xustificarme que se manterá o mesmo nivel de servizos ou é que considera que os servizos que se están a prestar, que maioritariamente son os que veñen de atrás, agora xa non son necesarios. Sabe a realidade, lla digo eu, son inelubibles. Non pode verdade. Non coñece os orzamentos, nin coñecían os que facían vostedes cando os traían aquí e os aprobaban. poñen esas cantidades redondas por non poñer outras, que poderían ser calquera outra ocorrencia. Saben vostedes que o orzamento ten que conter como documento obrigatorio, o dixo na súa primeira intervención, un informe económico-financiero, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos. Pode vostede dicirme se esa redución de gastos cumpriría esta previsión legal. Podería esta emenda ter un informe económico financeiro que dixese que os créditos que vostedes propoñen son suficientes para o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos. O sabe, o preguntou, veu falar co interventor algún de vostedes. Non tiveron tempo. Son moi listos e non fai falta. Bueno, voullo eu a explicar. Vou a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

explicarlle que gastos se inclúen nesas partidas e como lles afectaría a súa emenda. Emenda nº 1. Proponse a redución na aplicación 133.227.06: Ordenación do tráfico e do estacionamento. Estudos e traballos técnicos, dun importe de 30.000,00 € sobre os 42.863,64 € orzamentados. Esta aplicación recolle as obrigas derivadas da prestación do servizo de retirada de vehículos da vía pública, sendo totalmente insuficiente a proposta realizada para o mantemento do servizo nas condicións actuais, de feito nin tan sequera se cubriría o gasto xa realizado a día de hoxe. Debemos lembrar neste punto que o servizo estase a prestar actualmente segundo o contrato asinado no seu día polo anterior grupo de goberno. Emenda nº2. Proponse a redución de 100.000,00 € na aplicación 151.227.06: Urbanismo, planeamento, xestión, planificación e disciplina urbanística. Estudos e traballos técnicos, sobre un importe total de 133.433,77 €. Esta aplicación recolle os gastos derivados dos contratos de asesoramento urbanístico e redacción do PXOM, contratos que deixaron vostedes asinados. De feito a redución proposta é tal que non non permitiría cumprir con ningunha das obrigas contraídas senón que incluso e menor que a contía da subvención outorgada pola Xunta de Galicia para a redacción do Plan Xeral. Emenda nº 3. Proponse a redución de 250.000,00 € na aplicación 1623.227.06: Tratamento de residuos. Estudos e traballos técnicos, sobre un importe total de 375.392,29 €. Esta aplicación recolle os gastos derivados do tratamento dos residuos sólidos urbanos, principalmente as obrigas derivadas do servizo prestado por SOGAMA. Deixamos de recoller a basura e de pagar o canon de saneamento. É o que queren que fagamos. Pero tamén a xestión do punto limpo e a recollida do papel e o cartón. Se se aplicase a redución proposta non se podería cumprir coas obrigas derivadas da prestación destes servizos, servizos que ademáis por lei non poden deixar de prestarse. Emenda nº 4. Proponse a redución de 50.000,00 € na aplicación 165.227.06: Alumeado público. Estudos e traballos técnicos. Esta aplicación recolle basicamente os gastos do contrato de mantemento de instalacións eléctricas municipais polo cal non pode reducirse por que está en vigor. Emenda nº 5. Proponse a redución de 14.000,00 € na aplicación 171.227.06: Parque e xardíns. Estudos e traballos técnicos. Impútanse a esta aplicación gastos diversos en materia parques e medio ambiente, en diversas accións que se irán desenvolvendo o longo do exercicio, como por exemplo, se nos conceden a subvención a sinalización dos roteiros que tanta falta nos fai . Consideramos que non é convinte a redución desta partida. Emenda nº 6. Proponse a redución de 60.000,00 € na partida 326.227.06: Servizos complementarios de educación. Estudos e traballos técnicos. Esta aplicación recolle os gastos dos profesores da escola infantil, as actividades de conciliación, de nadal, de entroido, de semana santa, do verán, e o programa de educación de adultos. A contía proposta nin tan sequera cubre os gastos xa realizados e por suposto non son servizos que este grupo de goberno estea disposto a suprimir. E vostede tampouco Sra. Marín, que tantas veces reivindicou o necesario que eran estes servizos. Parécelle increíble que propoñan unha redución dun 90% da partida que esta destinada a esta xente, increíble. Emenda nº 7. Proponse a redución de 40.000,00 € na aplicación 334.227.06: Promoción Cultural. Estudos e traballos técnicos, sobre un total de 54.898,00. Igual lles chama a atención esta partida por que duplica o que vostede viñan facendo con anterioridade. Esta aplicación recolle o gasto correspondente á Rede Cultural da Deputación da Coruña e o gasto do AGADIC, Rede cultural da Xunta. A redución proposta non permitiría cumprir cos compromisos derivados da participación en ditas redes, que sempre superan como mínimo o 50% da financiación. Estanse a cargar o 50% como mínimo da programación cultural do Concello de Ordes que financia a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia, de facto, con esta emenda. Isto non é decente. Emenda nº 8. Prrancoroponse a redución de 12.000,00 na aplicación 920.227.06: Administración xeral. Estudos e traballos técnicos, dun total de 18.342,71. Nesta partida recóllese servizos como asesoramento externo, dominios, cotas de asociación da FEMP ou da FEGAMP, revisión de extintores e outros, polo que consideramos que dita aplicación non é reducible. Emenda nº 9. Proponse a redución de 24.000,00 € na



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

aplicación 920.227.99: Administración xeral. Outros traballos realizados, sobre un total de 30.000 €. Esta partida, que ven sendo habitual nese concello, recolle a previsión de posibles recoñecementos extraxudiciais de crédito de facturas correspondentes ao ano anterior. Partida que vostedes tamén utilizaron en anos precedente e que nos tamén nos vemos obrigados. Todos sabemos que hai facturas que entran o 30 ou 31 de decembro e que non se poden contabilizar e é necesario ter unha previsión no orzamento do exercicio seguintes para poder facelas efectivas, e que os veciños non teñan que esperar máis do necesario para poder cobrar, que na maioría dos casos son pequenos provedores do noso municipio. É importante pagar estas facturas dentro do período legal, polo que non ten xustificación ningunha. Emenda nº 10. Programa 920.226.02: Administración xeral. Publicidade e propaganda. Proponse unha redución de 18.000,00 € sobre un total de 22.000,00 €. €. Saben que é esta partida, os anuncios do BOE, DOG, BOP. Non os imos a poder pagar. Vostede ao mellor pensaban que esta partida era propaganda. Esta partida anteriormente tiña conceptos diferentes e chegaron a gastarse case 40.000 euros. Agora está axustada para facer o pago dos anuncios que estamos obrigados a facer ao longo do ano. Insiste, non ten lóxica o que vostedes traen aquí para poder sacar adiante estas emendas de redución de gastos. A práctica totalidade están xustificadas e condicionadas por contratos que vostedes tiñan, e senón están condicionadas e vinculadas a servizos básicos esenciais da cidadanía. Non hai ningún argumento para atender esta emenda. Esa emenda nº 11 non da lugar. Considera que todas e cada unha das emendas, as informadas polos técnicos, e as que lle acaba de aclarar no súa quenda de intervencións non son admisibles polos motivos expostos, xa que nin sequera se podería cumprir coas obrigas derivadas dos contratos en vigor. Como ven, non se podería aprobar esta terceira emenda por que simple e legalmente é ilegal. o informe económico diría que con esa redución os créditos serían insuficientes. creo que non teño nada máis que dicir. Eu non vou a dicirlles como vostedes teñen que actuar politicamente, levan moitos anos en política e saberán o que teñen que facer. como lle dixen ao principio isto non é serio.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que solicita intervir por alusións, preguntalle ao Sr. Secretario se as emendas se poden votar, si ou non.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que hai que estar ao que sinala o regulamento orgánico, que sinala que se non se aceptan as emendas, estas non son obxecto de votación.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que lle pregunta ao Sr. Secretario se ten claro que non se van a aceptar as emendas.

Intervén o Sr. Secretario, que da lectura ao artigo 53 do regulamento orgánico, que sinala: Cómputo de votos e resultado. Cando existan emendas a unha iniciativa, o autor da iniciativa manifestará se acepta incluír a emenda no texto da súa proposta ou rexeita incluír a mesma e manter o texto orixinal da súa iniciativa. En caso de que acepte incluír a emenda, votarase o texto da proposta coas modificacións incluídas na emenda, en caso contrario, votarase o texto orixinal da iniciativa, tal e como foi formulada polo proponente. Terminada a votación ordinaria, o alcalde declarará o acordado.

Intervén o Alcalde, que sinala que independentemente disto, a política orzamentaria é competencia do Alcalde, co mesmo criterio correspóndeme a min dicir se acepta ou non as emendas. Cree que isto xa non da lugar a debate. Cree que se está a equivocar. Non é necesario que siga a insistir ao respecto. Estamos a falar dunha proposta que é competencia exclusiva do alcalde. Con respecto ás intervencións do resto dos grupos. O código de bo goberno está moi ben, como hai o código de boas prácticas agrarias, os veciños terán forma de participar nos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

orzamentos cando se faga a exposición ao público. A mellor forma de facer participar aos veciños e cando pasan moitos deles pola Alcaldía ao longo do ano e traen moitas propostas, son as que tratan de recoller no orzamento da mellor maneira posible. Non da para todo, hai moitas peticións dos veciños que non están aquí incluídas, incluso as que a oposición trouxo aquí a través de mocións e que despois non teñen cabida por que temos esa singularidade que é que un porcentaxe moi grande do orzamento está condicionado polos servizos que estamos obrigados a prestar e polos contratos que xa temos vixentes. Está moi ben que veñamos aquí con políticas podemitas como se fai en Santiago, A Coruña e demais, pero que non son para nada prácticas por que xa se está a ver a súa operatividade neses concellos nos que despois é un dous ou un tres por cento da cidadanía a que participa. Ambiciosos, coidamos que especialmente na parte da Mancomunidade. Llo dixen e senón leao na memoria, aumentouse o servizo de axuda no fogar, un servizo social básico nun gran número de horas, entón temos que facer a nos aportación municipal por que senón eses veciños van a quedar sen atender, e aínda hai xente esperando por máis horas e haberá que por máis cartos. Houbo que aumentar a parte de emerxencia social que se presta a través da mancomunidade, temos unha situación que nos ten alarmados a todos cos peches de empresas que houbo recentemente no nos concello. Lle parece increíble que se cuestionen as transferencias á Mancomunidade e o traballo da normalizadora lingüística, cando é un acordo unánime de todos e cada un dos representantes dos concellos na mancomunidade e que ven financiada na súa práctica totalidade por fondos da Xunta de Galicia e da Deputación de A Coruña. Dígame cal é aportación que facemos para esa normalizadora lingüística e outros traballadores se realmente os coñece. Está equivocada. O plan marco saíu a orde o outro día, os orzamentos os elaboramos no mes de marzo. Xa lle explicou o Secretario, nese momento non se coñecía cantidade. Non sabe se vostede cando trouxo a súa moción xa sabía cal era a cantidade que lle correspondía a Ordes. A día de hoxe teremos que por a nosa aportación como en anos precedentes do Ive, este ano é bianual, hai que repartilo en dúas anualidades e xa miraremos como se pode executar a actuación. Este goberno tiña un compromiso cos veciños de Poulo, e como a competencia é da Xunta de Goberno Local, vai a cumprirse. En sucesivas convocatorias ou noutras axudas mirarán de facer esa actuación na parroquia de Lesta por que tamén considera que nesa parroquia hai moitas necesidades. O rancor, é a súa impresión, nos seguimos traballando. Non lle vai a entrar en valoracións, descualificacións, nin no do pedestal, pode seguir por ese camiño, non me vai a sacar de lugar con ese tipo de afirmacións. A nula capacidade negociadora e o da cuestión de confianza xa se verá. O ano pasado decidimos prorrogalos, este ano analizaremos os cinco cos técnicos se haberá ou non cuestión de confianza, e a partir de aí veremos se nos volveremos a reunir aquí a semana que ven ou haberá que esperar un ano máis, aínda que haxa que perder determinadas actuacións. Con respecto ao BNG, o pleno pola maña, eu teño catro compañeiros, teño que cadrar cousas, non podemos facer malabarismos para os dezasete, púidose levar ao anterior. Intentei atender unha petición, desculpe se non nos entendemos co prazo. Isto se fixo en moitas ocasións. É importante que o interventor este. Non podemos pedirilles continuamente que fora do seu horario laboral veñan aos plenos. Esta hora é a que consideramos que era a que menos interrompía e posibilitaba a presenza de todos os concelleiros. O centro sociocomunitario é un programa noso. O noso programa electoral está executado en boa parte. Quedan moitas, era un programa a oito anos. Hai moitas cousas que están feitas e encamiñadas. Houbo un acordo maioritario do pleno, imos a seguir apostando por el. Os orzamentos están equilibrados, fáltanlle cousas. Tomaremos a decisión que corresponda no caso de que non sexan aprobados.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que ela non é partidaria de ir forzosamente a unha cuestión de confianza, pero é que vostede nos obriga coa súa actitude de non querer negociar os orzamentos cando sabe que cos orzamentos e cando se compromete a levar a cabo as necesidades reais dos ordenses. Son uns orzamentos que non garanten mediante partidas específicas servizos e investimentos que son tan demandados en cada pleno como por exemplo os desbroces, que vemos como é insuficiente e o que se está a facer por parte do goberno. Ou unha partida específica para o mantemento da rede viaria para rebacheo. Os tributos que tratou de baixar van en total consonancia co que pide a Xunta de Galicia aos concellos, é algo que prometemos tanto a baixada do 10% do IBI como os incentivos ao comercio local, como os incentivos ás empresas emprendedoras. Pero é que vostede nin sequera se molestou en negociar a baixada. Non ten nada que ver cos podemitas, se vostede se toma a liberdade de asociar a Femp con podemitas, é o seu argumento, non o dela.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que as propostas que lle trasladaron ao goberno para os orzamentos. Inclusión dunha partida orzamentaria para o arranxo da Edar e Etap por se xurdirá unha subvención ou convenio con outras administracións que cubrise o seu custe, debido a que estas dúas estacións están sobre explotadas actualmente, propuxeron 150.000 euros. Unha partida orzamentaria para o estudo do aproveitamento da zona da piscina descuberta, durante nove meses ao ano é unha instalación deportiva municipal pechada, 7.000 euros. Unha partida orzamentaria para a construción dunha cancha de baloncesto e unha pista de tenis na cidade deportiva, hai veciños que non lles gusta o fútbol, prefiren outros deportes. É importante que haxa instalacións onde practicalos, orzamento 30.000 euros. Unha partida orzamentaria para axudas a deportistas do concello que destaquen en diferentes disciplinas, hai campións do mundo que axudan a dinamizar a economía local a través do turismo, 15.000 euros. Unha partida orzamentaria para a mellora da rede de alcantarillado nas parroquias por si xurdise un convenio ou subvención con outras administracións que puidesen cubrir parte do custe, 150.000 euros. Unha partida orzamentaria para limpeza das estradas e camiños municipais, axuda na seguridade vial, na prevención de incendios ao actuar de cortalumes, 150.000 euros. Unha partida orzamentaria para o impulso da economía local a través da actividade comercial, 12.000 euros. Unha partida orzamentaria para o apoio a emprendedores, 20.000 euros. Unha partida orzamentaria para a mellora da empregabilidade xuvenil e dos maiores de 50 anos, 30.000 euros. Repasando os orzamentos vemos que no aparece ningunha partida específica coas nosas propostas, como si aparecen partidas para outras obras ou actividades. Houbo un abuso dos expedientes de modificacións de créditos. Non están suficientemente especificadas as partidas para estudos e traballos técnicos que supón un 13% do gasto total, aínda que explicou a que se adica. Como non ven especificada non orzamento, non lles parece correcta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que dende o 15 de outubro do ano pasado ata o 8 de xuño deste ano houbo tempo e tempo para por un pleno e non ter que vir un día laboral a primeira hora, póname outra escusa. No tocante á cuestión de confianza terá que analizar que quere facer cos orzamentos, non lle pode dicir á veciñanza que non vai haber subvencións a deportistas, asociacións por que a oposición é mala e non aproba os orzamentos. Vostede ou non ten a capacidade para conseguir a aprobación dos orzamentos ou lle da a gana de sometelos a unha cuestión de confianza por que é un mecanismo que ten para aprobar os orzamentos, se nun mes non se presenta unha moción de censura os orzamentos quedan aprobados e esa xente pode ter as súas subvencións. É culpa súa. Con respecto ao centro sociocomunitario, non pode dicir que non o queremos, si que vemos unha proposta interesante. O que non estamo de acordo e o xeito como o queren o construír. Non é necesario gastar



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

600.000 euros nun novo edificio cando dispoñemos xa dos espazos precisos para poder dispor dese centrosociocomunitario. Ten máis lóxica onde o propoñen. O concello hai que acabalo. Non pode estar en estrutura sen utilizar. É un edificio emblemático de Ordes. Hai que darlle o uso que ten que ter. O edificio de atrás entendemos que as dimensións similares ao centrosociocomunitario que pretenden construír. Ese edificio unha vez baleirado, cunha mínima reforma pode ser destinado a ese fin. Ademais os servizos sociais estarían centralizados arredor do concello. Este é o noso punto de vista. Vostedes teñen outro. Van a explicar os motivos do seu voto en contra a estes orzamentos. Non van a presentar emendas. Xa presentaron as súas propostas aos orzamentos en novembro de 2016. Son incapaces de que se mancomune un servizo como o de guindastre entre os tres concellos de Oroso, Cerceda e Ordes que son os concellos da Mancomunidade que teñen casco urbano, o que podería supor un aforro de 10 ou 15.000 euros ás arcas municipais. Sería cuestión de plantexalo. Un servizo con sete servizos ao mes. En novembro do ano pasado propuxeron crear unha bolsa de subvencións que fose regulada pola ordenanza correspondente. Recolleron esta proposta pero a cantidade que destinan é ridícula, tan so 3.000 euros. Se se leva a cabo a medida anterior, esta partida podería ser de 15 ou 20.000 euros. Tamén propuxeron a posta en marcha dun viveiro de empresas no centro comarcal, que contribuiría a crear oportunidade de negocio, riqueza, traballo. Destinan tan so 20.000 euros o que entendemos unha auténtica tomadura de pelo. Son recursos insuficientes para a posta en marcha dese servizo. Segue empeñado en no sacar a concurso a xestión da cafetería do centro comarcal que pode deixar un pequeno beneficio cada ano, ademais de empregar as instalacións que se están a podrecer, crearíanse postos de traballos, hai veciños interesados na súa xestión. Non se aposta pola publicidade na emisora municipal. Meten 11.000 euros no sistema de ventilación do ximnasio Campomaio, vese que tiñamos razón canda denunciámos no seu día a falta deste sistema. Debido a súa incapacidade temos que volver de segundas con obras e temos que pagalo con fondos municipais e antes estaría en parte financiado pola Deputación Provincial. Contamos con 21.000 euros, dos cales 15.000 son aportados pola Deputación Provincial para un técnico deportivo e a maiores pagamos 2.000 euros a un clube pola organización a liga local de fútbol sala. Ven lóxico que non sexa el quen organice a liga local de fútbol sala e incluso outras ligas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o horario da liga e de sete ás dez da noite, non podemos ter ao técnico a esta hora, algún día incluso de onde a doce horas. O clube esta interesado e hai que contar con el. A día de hoxe é operativo. O técnico non é de Ordes, non o van a facer vir a traballar a eses horarios, despois non estaría polas mañás.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que sería cuestión de organizarlle o horario liberándolle un par de horas pola mañá. Propuxeron partidas para a promoción e dinamización do comercio local. No tocante ao comercio non incrementan o orzamento con respecto ao 2015. Propuxeron tamén o deseño dunha programación cultural estable ao long do ano polas parroquias e non figura por ningún lado nos orzamentos. No IBI apréciase unha suba na recadación. No ano 2014 estaban previstos 1.900.000 euros, no 2015 2.000.000 euros, no 2016 2.045.000, aínda que se reduciu a previsión de recadación posto que no 2015 conseguiron aprobar unha baixada do tipo impositivo. No ano 2017 2.123.000 euros. Se aprecia esta subida por que o ano pasado non quixeron apoiar a proposta do BNG de conxelar a suba da contribución en toda a lexislatura. Votaron en contra, por tanto subíronlle a contribución á veciñanza no ano 2017. Atopámonos cunha sorpresa, sube o gasto eléctrico no alumeadado público. No ano 2016 na proposta de orzamentos estaba previsto un gasto nese concepto de 205.000 euros, no ano 2017 prevese gastar 206.000 euros, a pesares de gastar o ano pasado 60.000 euros en cambiar farolas en Alfonso Senra e saíu na prensa dicindo que se ían aforrar mil



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

euros ao ano. Seguimos derivando a recadación dos tributos municipais na Deputación Provincial, xestión que se realiza a cambio de pagar 160.000 euros. Entendemos que recadando directamente estes tributos dende o concello poderíanse crear tes ou catro postos de traballo e aforrar cartos. Non é algo imposible, rescataron esta xestión en Ames o ano pasado. Non lles interesa que cando chegue a carta dos impostos, en lugar de saír o cuño da Deputación Provincial veña o do concello de Ordes. Recordamos o que xa denunciámos no seu día. baixáronlle o aluguer ao Ministerio do Interior polo cuartel da Garda Civil. No ano 2015 estaba previsto recadar en alugueres 36.000 euros, no ano 2017 16.300 euros. 20.000 euros que se perderon por ceder o PP ás esixencias de Mariano Rajoy en Madrid, o mundo ao revés, por que se tivéssemos un Alcalde que defendese á veciñanza Rajoy cedería ás esixencias deste Alcalde e construíría un cuartel da garda civil en Ordes. Como ben sabe a veciñanza solicitamos a remisión da RPT do concello agora que temos teste documentos, ollamos que no anexo de persoal non se contempla o pago dos trienios ao persoal laboral fixo, nin ao persoal laboral temporal. Actuación que non compartimos e que entendemos que se deba mudar. Con respecto á RPT é certo que se aprobou no 2010 pero vostedes a poden mudar no 2017. Entendemos que é preciso revisala por que vemos inxustizas e casos sangrantes de desigualdades atendendo a non sabemos que motivos ou intereses. Por todo o exposto e basicamente polo que o BNG vai a votar en contra dos orzamentos municipais. O alcalde ten a potestade de aprobalos vinculados a unha cuestión de confianza.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que pide que se pronuncie o pleno por que non se votan as emendas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se basea non que lle din os técnicos.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que espera que non haxa que tomar outras medidas. Que haxa que ir a onde hai que ir. Na Deputación Provincial poden modificarse as bases. Que estean tranquilos os veciños que o da basura vai a cobrar, as asociacións van a cobrar. Hai modificacións que vamos a facer nos no pleno. Os empregados teñen que cobrar, con nos non puido ser, o pasamos mal, tivemos unha débeda bastante grande de 2008 e 2012, pero puidemos saír dese bache. Amortizamos a débeda ata os 5.000.000 euros cando marchamos. Non me fale de que subimos os impostos. Isto foi unha orde do seu goberno, que foi o catastrazo. Esta vulnerando os nosos dereitos para que o pleno se pronuncie sobre estas emendas presentadas. As emendas foron presentadas en tempo en forma onte pola mañá, o regulamento di seis horas.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que so lle pode dicir o que di o regulamento, non vamos a inventar aquí agora normas novas.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que sabe que na Deputación Provincial o fan e a lei é a mesma que aquí.

Intervén o Sr. Secretario, que pregunta se coñece o regulamento orgánico da Deputación Provincial, sabe como regula as emendas, ten a mesma regulación que o Concello de Ordes. Iso é o que me ten que dicir. Se non me di que o regulamento é o mesmo, non pode dicir.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que o artigo 53 do noso regulamento non ten nada que ver coas emendas. Estas son emendas aos orzamentos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Intervén o Sr. Secretario, que pregunta que si o que se lle está a dicir é que hai as emendas e as emendas aos orzamentos.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que o orzamento é un proxecto. Vostede estaba de secretario aquí é foi debatida unha proposta do BNG por que sempre se lle admitiron as emendas deles. Vaia á hemeroteca 2007-2008, haber o que esta na acta, que é o que se votou.

Intervén o Sr. Secretario, que pídelle que lle diga cando se fixo esta modificación do regulamento. O artigo 53 foi modificado no ano 2011. Se no 2007 había outra regulación. Vostede ten que aplicar o regulamento orgánico vixente coa modificación introducida no ano 2011. A regulación anterior aplicouse nese momento. Agora hai unha regulación distinta, ten que cumprir esta.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que pregunta se se aceptan as emendas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en base ao artigo 53 do regulamento e que a política orzamentaria é unha competencia da Alcaldía, dille que non. Vaia a onde tiña que ir como xa esta a facer habitualmente.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que a maiores e por unha simple cuestión de legalidade parécelle un pouco arriscado que no caso de que se votasen as emendas, cando se lle esta a dicir que son ilegais. O informe económico-financieiro acreditaría perfectamente que non se cumpre o principio de suficiencia financeira dos créditos para cubrir os gastos. Parécelle un pouco arriscado que pretenda que se fagan unhas modificacións nos créditos deixando sen cubrir os gastos correspondentes. No momento en que os orzamentos fosen aprobados e a intervención fixese o informe, veríamos despois o que pasa.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que deixando as emendas ao carón. O Sr. González quixo vir falar onte co Sr. Secretario e non estaba no concello, gustaríanos poder contar ás veces cos técnicos, os días anteriores aos plenos.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que eu hoxe teño un exame pola maña dun curso de formación. Se presentan as emendas en tempo e forma. Eu non vou a organizar a miña vida persoal en función das súas disposicións.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que esta no seu dereito, non cuestiona a súa vida persoal. Está a explicar como foron os acontecementos. Houbo unha comisión o día 2 de maio. O Sr. González Santos facía uns días que falara coa Sra. García Gómez dos orzamentos, e falouse na comisión da posibilidade de presentar esas emendas, falouse de dúas semanas. Na semana do 9. Certo que ela e o Sr. Alcalde non se entenderon. Vai a utilizar o ton que el emprega con nos. É palpable, sangrante o diferente ton que emprega cos compañeiros do BNG, ou outros. O ton utilizado coa excompañeira socialista, coa compañeira non adscrita. A veces pensa que en lugar dun pleno está nunha escola. Esta cansada de que diga, saben, explíquenmo, xustificúenmo. Que significa que son nivelados. É un equilibrio entre ingresos e gastos, no so o cálculo, ou nas probabilidades, senón nos resultados efectivos. Válelle a resposta, esta aprobada. Coñece os orzamentos. Ao mellor non tan ben coma vostede que sempre alardea. Xa sabe que sabe bastante máis que nos. E nos quere deixar claro que non coñecemos os orzamentos e non coñecemos determinados aspectos da política municipal. Xa está vostede aquí para salvarnos a todos e ter este momento de gloria. Para dicirmos todo o que sabe e darnos todas estas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

definición. Por que parece que estamos nunha escola, en lugar de estar falando entre persoas adultas. Cada un sabe o que sabe. Hai xente que ten moita experiencia que ao mellor non ten esas definicións, nin esa capacidade de palabra que ten vostede, pero que sabe por que a vida ensina. Espera como dixos antes que a xente poña no seu sitio a vostede, incluso a min e a todos. Hoxe preséntanse aquí uns orzamentos para o exercicio 2017. Vostede dixos que seguro que tiñamos unha xustificación, un argumentario. Recorda que cando vostede estaba aquí na bancada o que traía o argumentario do PP era vostede. Llo dixos nunha ocasión. Lle contestou que o facía vostede. Eu tamén os fago, non teño un partido detrás, nin teño xente detrás. Interpreto como medianamente poido uns orzamentos. Non teño un partido, pero tontía non vou sendo. Lévese traballando ata o de agora cuns orzamentos prorrogados, logo de non ser este goberno capaz de aprobar os do anterior exercicio. Votamos en falta o diálogo, a negociación, o talante democrático por parte dun alcalde que non xera confianza, incapaz de escoitar propostas sen poñerse á defensiva, empregando un total autoritarismo do que fai alarde en todos os plenos, con descalificacións, chamadas á orde produto do debate político, e saltándose o regulamento en beneficio propio cada vez que lle parece. Ese é o talante que fai que vostede Sr. Alcalde que esta a gobernar cunha minoría moi mínima, cinco de dezasete concelleiros, non teña a humildade de sentarse a falar, polo menos co noso grupo duns orzamentos que son o eixe vertebrador dun concello e do benestar dos nosos veciños. Presenta uns orzamentos que amosan unha tendencia ao incremento porcentual na participación nos tributos municipais. Entre 2007 e 2011 estabamos recadando de impostos entre un 25-33% máis ou menos, no 2016 recádanse de impostos directos un 36% polo que subiu a recadación dos tributos municipais con respecto aos ingresos. Estáselle a cobrar cada vez máis tributos á xente. Non fai moitas datas aprobamos neste plenario unha baixada de impostos, cos seus votos en contra, o cal nos parece lamentable nuns momentos tan críticos para a economía do noso país en xeral e do noso concello en particular. Logo de que pecharan importantes empresas do sector téxtil que eran o sostén de moitas familias. No seu día fixeron unha revisión obrigatoria do IBI, que xa había máis de vinte anos que non se facía, llo dixos no anterior pleno. O único que fixeron e cumprir coa lei, evitando que o catastro despois o fixese de oficio e con carácter retroactivo. Cando vostede o criticaba non dicía que o valor catastral das edificacións non a marca o concello o pon o catastro, e o catastro depende dun goberno central que leva en mans do PP máis tempo do que deba, segundo a súa consideración particular. Se vostede fai memoria recordará que todos nos comprometemos a baixar o tipo impositivo nos vindeiros anos para compensar na medida do posible ese incremento. E ao final o tivemos que facer nos cos seus votos en contra. En campaña dixos que ía baixar o IBI un 10% do tipo impositivo, pero non do importe total do recibo. Notei un ton nervioso na súa intervención, e non deba estar nervioso. Debería estar tranquilo, esta gobernando, esta a facer o que quere. Incrementou o gasto de persoal nun 23%. Volve a falar dun enorme esforzo inversor con aportación de fondos propios. Como xa lle dixos o ano pasado en termos porcentuais a porcentaxe de recursos propios con respecto aos alleos esta moi por debaixo de cando eles gobernaban. No 2016 un 26 % con fondos propios. No 2017 preve un 27%. Un punto máis por riba do executado o ano pasado. Cal é o esforzo inversor que fai neste eido, e que estando moi por debaixo do noso esforzo inversor lle impedía aprobar os nosos orzamentos. Menuda coherencia, máis ben menuda falta dela. 512.000 euros é o que pretenden facer con fondos propios. Un incremento de pouco máis de 60.000 euros con respecto á proposta anterior de orzamentos. Séguenos a parecer moi insuficiente. En canto a transferencias de capital que é o que basicamente se emprega para subvencións, o ano pasado están contempladas en dereitos recoñecidos netos 313.000 euros, non sabe se son este importe ou son produto de que está o orzamento prorrogado. Pon en dúbida que si isto é así as súas dotes de negociador ten que polas en entredito. Gracias á Deputación gobernada polo PSOE e BNG vostede dispón de fondos alleos para facer obras e inversións. Onde está o compromiso do Sr.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Feijoo con Ordes, nos orzamentos non se ve, non lle fale das transferencias correntes que van a ter por que governe quen governe son as que nos corresponden por lei. Ensinaríalle un listado de obras que fixo a Deputación Provincial en Ordes e o listado de obras que fixo a Xunta de Galicia, pouco máis de 200.000 en obras. Moito máis a Deputación Provincial. Debemos falar da estrada de Mercurín, mentres foi nosa do Concello, vostede bloqueou o seu arranxo, e agora que lla pasamos á Xunta a tiveron que arranxar. Non minta aos veciños de Mercurín dicindo que a arranxou vostede por que senón onde esta incluída o arranxo da estrada de Mercurín nos orzamentos. Como non é súa non está incluída, nin a incluíu nunca. Permítame que dubide que as obras que fai a Deputación Provincial as negocia vostede. Se o ano pasado coa proposta de orzamentos non estabamos de acordo coas partidas de gasto, sendo ese un dos motivos polos que non lle aprobamos os orzamentos, como van a aprobar esta nova proposta orzamentaria cando en termos comparativos hai unha redución en determinadas áreas de especial relevancia tales como educación, cultura, medio ambiente, cultura, servizos sociais e promoción social. En educación de 617.000 euros pasamos a 589.000 euros, 11,58% menos. En cultura na anterior proposta de orzamentos de 2016 401.000 euros agora 358.000 euros, 10.73% menos. Medio ambiente 132.000 euros agora 114.000 euros. En servizos sociais e promoción social na súa proposta anterior 58.000 euros agora 54.000 euros, 7.60 % menos. Esta claro que nos seguen sobrando argumentos. Na memoria fala de incentivar a actividade económica no municipio e reduce a partida de emprego de 75.000 euros na proposta de 2016 agora 64.000 euros, 15 % menos. Resulta canto menos contraditorio. Vamos a falar da débeda, sempre lle preocupou. Gracias a nos e ao nos plan de viabilidade e de algúns compañeiros a débeda estivo totalmente controlada e pagándose relixiosamente, por que preferimos endebedar o concello e ter servizos para a xente e non o que esta a intentar a facer, levar un mérito persoal de diminuír a débeda a costa de reducir servizos e o benestar dos veciños incrementando a presión fiscal. E coma sempre me falará de que fixemos obras faraónicas. Por iso entende un tanatorio en condicións. Unha cidade deportiva con instalacións dignas, un concello adaptado, un paseo que é punto de encontro de maiores e nenos. Esas son as obras faraónicas. Entende que non lle gusten por que afortunadamente non temos os mesmos gustos. Pero ben que presume delas cando veñen autoridades do seu partido e pasea por elas e saca fotos. E falando de débeda, a situación saneada dese concello a día de hoxe e coa que se atopou vostede cando entrou, non é gracias ao PP como vostede recoñeceu tempo despois no pleno extraordinario celebrado o 1 de marzo de 2017, cando dixo que se equivocará ao non votar o plan de apoio a provedores. Con esa negativa o que vostede quixo era bloquear o concello e que os empresarios de Ordes non cobraran. No pleno de 1 de marzo de 2017 díxenlle e sígolle a dicir que minte ou di medias verdades cando di que os oito anos de goberno de UxO xeraron unha débeda de nove millóns de euros que segundo as súas palabras vostede tivo que poñer ao día. isto dí o 6 de febreiro de 2017 nunha nota de prensa que publica no blog dos PP de Ordes, un mes antes da realización dese pleno extraordinario. Pois minte, por que o 2 de marzo de 2017 solicito un informe de intervención no que pido o estado da débeda a 2 de xullo de 2015, que é cando vostedes entraron, que era de 5.118.000 euros, cun arqueo de caixa de 1.457.000 euros. Se no 2011 nos xeramos unha débeda de nove millóns, desa débeda saímos nos, por que a reducimos a cinco millóns no 2015. Nin vostede nos sacou desa débeda, nin vostede veu a salvar ao concello de nada. O que demostra esta nota de prensa é que o que minte é vostede. Con respecto á memoria que fai para xustificar os orzamentos, demostra novamente a carencia dun proxecto de futuro político para Ordes, polo que as únicas variacións con respecto á xustificación dos orzamentos do ano pasado, son unhas transferencias nominativas de axuda a certas asociacións, que por riba nin idea súa foron, foron da oposición que as plantexaron en numerosas ocasións. Non vemos por ningún lado un plan estratéxico de recuperación do téxtil, nin un plan integral de arranxo de estradas no noso concello que vostede ano tras ano nos pedía de maneira urxente. Son tantas as



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

contradicións que ten á hora de gobernar que darían para escribir un libro, e iso que so leva dous anos. Unha noticia da Voz de Galicia do 5 de xuño propón que a Xunta de Galicia propón aos concellos que baixen os impostos para atraer inversións e vostede vota en contra da súa baixada, non se entende. Non imos a votar a favor duns orzamentos carentes de planificación e como nos dixo vostede nalguna ocasión, cito textualmente, nos que falta a capacidade da cal carece. Nos que o esforzo inversor é mínimo e nos que hai claramente un afán recadatorio a costa dos petos dos veciños. Pola contra propoñemos coas emendas que presentou o Sr. Regos Boquete un recorte de 618.000 euros de gastos innecesarios e que se destinen a amortizar débeda, recortar gastos superfluos en propaganda, publicidade, traballos técnicos sen xustificar debe ser unha prioridade neste momento. Así como o recoñecemento da antigüidade dos traballadores municipais por que é de xustiza. O dobre discurso dun goberno que di que esta preocupado pola débeda do concello mentres ten unha política de gasto desproporcionada en materias de difícil xustificación sen ter en conta o interese dos nosos veciños ten pouca credibilidade. Por iso o noso voto vai a ser en contra.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle da as grazas. sinala que xa leva moito tempo escoitando a muletilla que empregan ao comezo de moitas das súas intervencións que é dicirme que non me poña nervioso. Entendo que con esta frase collen folgos para dicir as cousas con tanto ímpetu, para poder argumentar, eu sinceramente creo que os nerviosos o están vostedes e por iso se comportan como se comportan. Xa sei que lles fastidia que eu estea aquí e vostedes aí. É onde nos puxeron os veciños e mentres sexa así trataremos de facelo da maneira máis humilde posible. Seguen sen reflexionar por que foi así. eu o que si estou a maioría das veces é sorprendido pola súa forma xa non de comportarse políticamente, se non de ser persoalmente. Aínda que cada vez menos. Vostede xoga moitísimo coas notas de prensa, cos textos e despois trata de confundir. As inversións soben unha porcentaxe, a vostede preocúpalle por que quere que suban unha porcentaxe maior. Por outro lado ven de propor unha baixada importante de impostos, xa veremos que pasa con elas, que vai afectar principalmente ás inversións. Se esa baixada de impostos é legal e se pode sacar adiante, no sucesivo nos quedaremos sen inversións e despois a culpa será miña por que non se poden facer. Vostede ven aquí a falar do goberno de Feijoo que non fixo nada nos últimos anos. Plantexáronselle moitas cousas o 29 de xullo que me recibiu e moitas delas están saíndo adiante. O Sr.exalcalde, se non recorda mal, nun pleno de marzo de 2012 eu ofrecínme a ir con vostede á Xunta de Galicia pola estrada de Mercurín, non me convidou nunca durante tres anos. E agora veñen aquí a dicir que un fun alí a bloquear, capacidade negociadora súa ningunha, e capacidade de contar coa oposición.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que xa ía vostede a dicirlles que non nos recibisen. Iso o sabemos tamén.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a estrada de Mercurín está aí, é unha necesidade dos veciños de Mercurín, da Bailía. Plantexada a nove metros e non a sete como pensaron inicialmente, a día de hoxe estase a realizar. Ponte de Vilamaior, Pereira, non lle custaron nada ás arcas municipais. O albergue de peregrinos, xa está o proxecto feito. Oitenta mil euros para os pozos de auga. Vamos a pedir cinco máis. Sen custarlle nada ao Concello. Son inversións da Xunta de Galicia. O centrosociocomunitario, máis do cincuenta por cento de financiación. A ponte de Esmorís xa está enviada. A ponte de Lesta vamos a tratar de que sexa unha realidade nesta anualidade. Máis de 60.000 euros de emerxencia para actuacións en vías municipais que espera que se poidan facer este ano a través da Consellería de Medio Rural. 35.000 euros para a gardería. CEIP Castelao 455.000 euros nunha reforma integral de eficiencia enerxética. Tres centros educativos na provincia de A Coruña e conseguimos que un fose Ordes. Plan de pago a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

proveedores, non cambie as cuestións. O único que lle dixen no seu momento e o recolle a acta, o que lle dixen é que o plan había que telo plantexado de outra maneira, que nos tiñamos que ter votado unha opción distinta. Pero tamén lle recordei que o plan se houbera feito efectivo, non estabamos de acordo con ese estudo económico-financeiro que había que aprobar de forma paralela e non tiveron a decencia de votalo por separado, o houbo que votar de forma conxunta. Nunca se houbera perdido por que era obrigatorio para todos os concellos con débedas. A débeda está nos informes de intervención, foron máis de dez millóns de euros no 2011, entre curto e longo prazo. A conta de arrastrar e ter sen cobrar a moita xente durante moitos meses e estando incumprindo os períodos medios de pago. Esa é a realidade do que había. Cobraron moitos cartos gracias a ese catastrazo que non era obrigatorio a aplicación da ponencia como se fixo. Nesa reunión estivemos aquí con Xerente do Catastro e non me vai a contradicir ao respecto. Se lle fixo entón unha proposta de que a actualización do valor catastral que non fose executiva durante dez anos por que estaban obrigados pola débeda que crearon a facer un incremento do 10% anual. Esa foi a situación a que nos levaron vostedes e da que temos que saír e da que están a saír os veciños de Ordes. Nin vostedes, nin nos, a crearon vostedes, saen os veciños. Agora tratan de bloquear e complicar a situación. A baixada de impostos está seguros de que é legal, había un informe de intervención que afirmaba a súa ilegalidade. Os gastos de persoal son da súa RPT do ano 2010, non temos parte nin arte nesa situación. O interventor fai as contas dos gastos de persoal en función desa RPT e do que marca a lei. Onde esta a suba de persoal, única e exclusivamente o que esta regulado pola RPT e o que impón a lei. Fálame da baixada de 18.000 euros na parte de educación. Sabe por que, por que ese ano vostedes non foron capaces de regularizar a situación e houbo que incluír a contía dúas veces para poder pagalas en xaneiro e poder pagalas en decembro. Esa situación está regularizada no ano 2016, infórmese primeiro e non trate de desacreditar a labor da concelleira delegada de educación que a día de hoxe pode prescindir deses 18.000 euros por que non son necesarios. Seguen a prestarse todos e cada un dos servizos que se viñan prestando no seus tempos, moitos deles incluso mellorados, moitos deles cuns custes máis baixos, outros ao mellor cuns custes máis altos, pero redundan en interese dos veciños. Con respecto á situación dos orzamentos, é tarde, tamén o ano pasado, xa era algo habitual en anos anteriores. Os orzamentos xerais do estado tampouco están aprobados. As situacións de goberno en minoría non son agradables para ninguén. Non quere que perige ese convenio. Esa cuestión de confianza é o mecanismo que nos pode permitir aprobar os orzamentos e valoraremos se a vamos a levar a cabo nos vindeiros días, e se nos temos que ver aquí a semana que ven ao respecto. É verdade que ao mellor a partida para deportistas se queda escasa, é un primeiro avance. No sucesivo, unha vez que estea aprobada a ordenanza, que vexamos ata onde podemos chegar e canta é xente que pode chegar a esas cantidades. Esas contas hai que mirar de equilibralas. Analizouse a parte da municipalización dos servizos na xunta de voceiros, pero non é viable, non é posible, se os técnicos me desaconsellan non municipalizar eses servizos, que entrariamos nunhas circunstancias que despois non poderíamos afrontar, especialmente o ter que coller persoal para o concello que actualmente están en empresas externas, debo guiarme por eles. En tanto non modifiquen a lei de orzamentos haberá que esperar a ese momento. En relación aos trienios, insisto a RPT está aí. Falouse con este persoal, pídolle que falen cos representantes. A todo o mundo lle interesa que lle suban os salarios. Hai que ver se se axusta á legalidade, de onde se saca dos orzamentos esa cantidade que vai a estar próxima aos 200.000 euros se non me equivoco, e a partir de aí que se poida facer operativa nun futuro. Esta moi ben que se fale aquí en plan demagogia no debate destes orzamentos, pero hai moito que analizar ao respecto. É moi fácil dicir aquí nunha emenda que se lle paguen trienios a todo o persoal laboral. Con respecto ás propostas aos orzamentos do PSOE, son interesantes. Xa lle dixen que non había ningún problema en miralos. Di o Sr. Manteiga García que non ve ningunha partida incluída por ningún lado. Con respecto ao tema



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

da Edar e da Etap a actuación que hai que facer alí é moito máis custosa que o que se poda facer alí cunha aportación municipal de 150.000 euros, estamos a falar de millóns de euros. A día de hoxe non dispomos dos terreos, hai que aprobar o PXOM para iso. É algo que hai que plantexar de futuro. Emenda nº 2, a día de hoxe xa temos na piscina unha asistencia técnica que está a avaliar que se pode facer alí para dotala dunha cafetería. Este ano xa se fixo unha actuación importante para a mellora da seguridade do vaso pequeno e grande, que se está a rematar. Emenda nº 3, segundo os servizos técnicos municipais non é posible a súa realización ata a aprobación do PXOM. Son instalacións que mencionamos todos os grupos aquí. Ese espazo que está máis aló das pistas de atletismo non se pode empregar ata a aprobación e en vigor do PXOM. Emenda nº 4, partida para deportistas, van a iniciar con 3.000 euros. En función das solicitudes e resultados valorarase. Emenda nº 5, o mesmo que a nº 1. A inclusión dunha partida quedaría totalmente bloqueada para a súa utilización noutra finalidade. É mellor proxectos concretos. Emenda nº 6, nos orzamentos hai partidas con importes superiores aos que se plantexan. Espera que esas cantidades dean para atender todas as necesidades en todas as parroquias. Emenda nº 7, si que hai unha partida pola metade do que se propón, é o que se acordou coa Asociación de Comerciantes. Parte dela xa se fixo efectiva no que levamos de anualidade. Emenda nº 8, coincide a partida coa que temos para o viveiro de empresas. Xunto co interventor fomos a falar coa xente do Consorcio que son os que levan o viveiro de Carballo. Os números asustan, sobre todo coa experiencia que teñen en todo España e Galicia, da necesidade dun viveiro de empresas en Ordes e cando se vai a conseguir polo plenamente operativo, estamos a falar de cinco a seis anos vista. Para arrancar temos de sobra cos 20.000 euros en 2017. A dotación orzamentaria de cara ao ano 2019 supera os 100.000 euros. Faga a conta, nove ou dez oficinas, cunhas cantidades simbólicas para que á xente lle sexa apetecible e competir cos que xa están en funcionamento e si teñen uns parques empresariais potentes ao seu carón, para que a xente se instale aquí en Ordes. A ver si pode ser efectivo e non nos queixamos dentro duns anos que teñamos esa instalación, que non teña xente interesada e que esteamos gastando 100.000 euros dos veciños. Dirame que é a miña obriga buscar alguén, non se pode obrigar a ninguén. O hai que facer o máis atractivo posible. Hoxe en día dende o punto de vista da actividade industrial e empresarial estamos bastante limitados por que se perderon oportunidades que se tiñan que ter aproveitado nos anos noventa e ao comezo deste século cando vostedes xa estaban no goberno.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que as oportunidades hai que crealas, se estamos quietos como unha araña isto morre. Estamos perdendo poboación, as poucas empresas que xeran emprego, oportunidades. Non facemos nada, seguimos a facer o mesmo, beirarrúas por aquí. Hai que intentar saír desta situación, intentar crear emprego. Un viveiro de emprego é un mecanismo. Que ten que gastar 100.000 euros. A principios deste ano fixémoslle unha proposta onde pode sacar bastantes cartos, que de levarse a cabo financiaría os cartos necesarios que é cobrarlle ás eléctricas o paso polas vías municipais. Desenvolvan esa actuación, en Arteixo xa están cobrando, en Ordes seguimos sen facer nada. Teñen tamén outra vía que é cobrarlle ás autoestradas polo uso do dominio público local. Intente esa vía, aínda que haxa que gastar 20.000 euros se temos oportunidade de ganar anualmente máis de 100.000 euros, non son cartos tirados. As oportunidades hai buscalas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a ir adiante, hoxe chegounos a proposta, despois vou a falar co interventor, para dotar de crédito e ir adiante co resto dos concellos. Xa lle dixen que para poder reclamar a taxa de utilización do dominio público polas eléctricas hai que facer primeiro a auditoría, estamos niso. A contratamos o 3 de xaneiro, leva uns meses facela. Ese estudo é necesario para a demanda ante as eléctricas. Necesítase tempo para pola en práctica.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Eses ingresos se saen adiante as reclamación obteranse no ano 2109 ou 2020. Con respecto ao parque empresarial e empresas, imos a ter unha boa noticia nas próximas semanas. Espera que sexa unha realidade no 2018 e se xeren postos de traballo. Poden venderse dúas parcelas máis de Xestur e facer unha ampliación empresarial. O tema do aluguer da garda civil, parecíanos de recibo, os informes así o aconsellaban, respectar o compromiso co goberno anterior. A municipalización da recadación dos tributos municipais é inviable. Cando vostedes estean aquí, que dicía que van a estar no 2019, peléxese co interventor. Non o vemos factible. Claro que vai a baixar o consumo de enerxía eléctrica, pero o interventor de inicio cos contratos que temos a día de hoxe que aínda estaban a comezo de ano, ten que facer a estimación. Estamos a regularizar eses contratos por que é parte da auditoría enerxética. Cando teñamos esa situación regularizada veremos a baixada que ten que producir na parte do consumo eléctrico. De inicio hai que respectar o contrato e despois se gastamos por debaixo do contrato benvido sexa. O equilibrio esta nas contas. Os orzamentos son os que nos fixemos e non lles gustan para poder aprobalos. Hoxe someteranse a aprobación e nos vindeiros días tomaremos unha decisión sobre o que vai a acontecer de futuro. Son importantes e necesarios, especialmente polo centro sociocomunitario, así como polas axudas a clubs e entidades. Non vamos a culpar a ninguén se por estar prorrogados os orzamentos non chegan.

Tras unha pequena deliberación, o pleno corporativo municipal en votación ordinaria e por once votos en contra (6 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, 2 concelleiros non adscritos), cos votos a favor (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, rexeito a aprobación inicial dos orzamentos municipais, exercicio 2017.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás dez horas e trinta e nove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO